

BOB, LE FLAMBEUR

Jean-Pierre Melville, 1956

1323

ESTREA EN NUMAX: 03.07.2024 | V.O.S.E. | 97 min

Bob é un vello gánster e un xogador empedernido que está a piques de arruinarse. Daquela, a pesar das advertencias dos seus amigos, decide atracar o casino de Dauville. Todo está planeado á perfección, pero a policía está informada do atraco.

«O filme criminal perfecto»

Stanley Kubrick



Homes con chapeu e gabardina

Por Tomás Fernández Valentí

A filmografía de Jean-Pierre Grumbach, máis coñecido como Jean-Pierre Melville en homenaxe ao autor de “Moby Dick”, pode verse como un continuo ensaio formal, algo que se fai particularmente perceptible na súa contribución ao *polar* ou cinema negro francés. Desde este punto de vista hai unha evolución estilística que distingue a *Bob, le flambeur* (1956) e *Dous homes en Manhattan* (1959), que máis que cinema negro son sentidas homenaxes ao xénero na súa aceptación máis estadounidense, das seguintes.

A pesar de que na súa curta filmografía (14 longas entre 1946 e 1972) atopamos títulos doutros xéneros, é a súa contribución ao *polar* o que sustenta o seu prestixio e o asentamento do termo *melvillián*, un cinema policíaco en base a formas herdadas do cinema negro norteamericano, as cales deveñen unha ferramenta narrativa de onde flúe unha posta en imaxes minuciosa e detallista, a medio camiño entre o realismo e a estilización, caracterizada por un sentido do encadre seco e directo, dentro do cal os actores falan pouco, moitas veces case nada (é significativo o título español da máis depurada obra de Melville: *O silencio dun home* (1967). As súas miradas, as súas accións, dino todo. Un cinema protagonizado por homes que adoptan xestos e vestiarios (abrigos, chapeus, gabardinas) dos policías e os gánsters do cinema negro estadounidense e que adoitan levar unha pistola enriba... ou dúas por se acaso. Homes a ambos lados da lei caracterizados pola súa sobriedade, o seu sentido realista e á vez fatalista da existencia, o seu acerado instinto de supervivencia, a idea de que un día podes gañalo todo e ao seguinte perdelo todo (boa parte das tramas argumentais de varios *polar* de Melville xiran arredor dos preparativos e o desenvolvemento dun atraco), algo no que xoga moito a xustiza poética, concepto moi presente mesmo no cinema *noir* do seu autor.

(...) O protagonista de *Bob, le flambeur*, Bob Montagné (Roger Duchesne) é un antigo ladrón de bancos e expresidiario que leva vinte anos limpo (é dicir, sen se meter en problemas coa lei) e se gaña a vida grazas á súa habilidade cos xogos de azar. A risco de parecer esaxerado, podería verse en Bob un precedente do protagonista da excelente *O contador de cartas* (Paul Schrader, 2021), outro personaxe de escuro pasado que sobrevive grazas ao seu talento cos naipes.

Bob mantén unha relación de simpatía, case de amizade, cun veterano axente de policía, Ledru (Guy Decomble), que non deixou de vixilalo e que, cando comeza a sospeitar que Bob está metido no inminente atraco a un casino, tenta persuadilo para que non o faga. Relación que anticipa a que se dará entre o atracador Gustave "Gu" Minda (Lino Ventura) e o comisario Blot (Paul Meurisse) en *Até o último alento* (Jean-Pierre Melville, 1966) ou entre o comisario Édouard Coleman (Alain Delon) e o ladrón Simon (Richard Crenna) en *Crónica negra* (Jean-Pierre Melville, 1972), que se encontran na base da inspiración da que se dará entre Robert De Niro e Al Pacino en *Heat* (Michael Mann, 1995).

Bob, le flambeur pasou á historia do cinema francés como a primeira produción independente e un precedente da Nouvelle Vague. Resulta representativa a secuencia na que Paolo (Daniel Cauchy), un dos membros da banda que está a recrutar Bob para dar o golpe, percorre a rúa de París até atopar o chivato Marc (Gérard Buhr) e acabar con el a tiros. O uso "documental" da cámara en man anuncia posteriores logros do cinema contemporáneo.



Na librería

NUMAX

numax.org/librería

El polar francés

1931-1982,

Antonio José Navarro.

Colección Nosferatu